



<b>CIRCULAR Nº:</b> 5/2015	<b>DATA:</b> 31 de xullo de 2015
<b>ÓRGANO EMISOR:</b> DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO E FORMACIÓN	
<b>ASUNTO:</b> Instrucións relativas ás subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, para a contratación temporal de persoas beneficiarias do Programa de activación para o emprego	

A Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 1 de abril de 2015 (DOG nº 70, do 15 de abril) establece as bases que rexen a convocatoria para o exercicio de 2015 dos programas de cooperación para accións de fomento do emprego por parte das entidades sen ánimo de lucro, para a contratación temporal de persoas beneficiarias do Programa de activación para o emprego.

Á vista desta regulación, coa fin de unificar os criterios interpretativos, establecer os modelos de documentos a utilizar na súa xestión e concretar a forma de dar cumprimento ás obrigas, especialmente as derivadas do cofinanciamento, se é o caso, polo Fondo Social Europeo, e en definitiva, de facilitar e axilizar a tramitación administrativa por parte das diferentes instancias intervincentes no procedemento e as propias entidades beneficiarias das axudas, así como de obter unha información precisa e uniforme do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA), no uso das facultades atribuídas na disposición derradeira primeira da antedita orde, dítanse as seguintes

### INSTRUCCIÓNS:

#### Primeira.- Requisitos, duración e inicio dos servizos

1. Os servizos que se desenvolvan mediante a actividade dos traballadores e traballadoras desempregadas deberán ser de interese xeral e social e deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Que sexan prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa.
- Que, na súa execución ou prestación, se favoreza a formación e práctica profesionais das persoas desempregadas a contratar.
- Que se presten ou executen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que a duración dos contratos das persoas desempregadas que desenvolvan a prestación dos servizos sexa de 6 meses e a xornada a tempo completo.

2. Nas resolucións de concesións ademais dos extremos sinalados no art. 11º.3 da orde, deberán constar, expresamente, os seguintes:

- Data de inicio dos servizos: entendida esta como data tope, é dicir, o último día hábil para contratar aos traballadores concedidos (art.13º).

b) Data de **remisión da documentación** para o pagamento: entendida igualmente como data tope, é dicir, o último día hábil para remitir a documentación esixida no devandito artigo (art.14º).

3. As subvencións previstas nesta orde serán incompatibles con outras subvencións ou axudas públicas, con independencia do seu importe, para a mesma finalidade, procedentes de fondos de políticas activas de emprego. Polo tanto, en ningún caso **unha mesma contratación** poderá ser subvencionada ao abeiro de máis dunha das ordes de axudas dos programas de cooperación.

### Segunda.- Resolucións de desistimento

1. En cumprimento do disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro e no artigo 7º da orde, se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento á entidade solicitante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto nos citados artigos, terase por desistida a súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 desta lei.

2. Transcorrido o devandito prazo sen que se emendara a falta ou se achegara a documentación preceptiva, e con carácter previo á Comisión de Valoración, procederase a resolver o desistimento dos correspondentes expedientes.

### Terceira.- Selección e contratación

A. Selección dos traballadores desempregados/-as. Oficina de emprego

1. Os traballadores e traballadoras a contratar deberán ser necesariamente persoas **desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego e beneficiarias do Programa de activación para o emprego**. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no **momento da selección** como no do **inicio da relación laboral**, utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, e serán as entidades beneficiarias da subvención as responsables de garantir que, no momento do inicio da relación laboral, o demandante estea inscrito na oficina de emprego como demandante de emprego.

As contratacións que incumpran calquera destes requisitos, **non se entenderán xustificadas** e non poderán ser subvencionadas.

2. A entidade beneficiaria deberá acudir **necesariamente á oficina pública de emprego** que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado, agás autorización expresa da Dirección Xeral de Emprego e Formación (art.12), cando dispoña de centros de traballo que se correspondan co ámbito territorial de máis de unha oficina de emprego.

3. Deberá presentar xunto coa **oferta específica do Programa de contratación de beneficiarios do Programa Activa na oficina pública de emprego** (unha por cada categoría profesional dentro de cada

ocupación) a **solicitud, se é o caso debidamente corrixida, xunto coa correspondente notificación da resolución e os anexos de concesión de subvención.**

4. Con carácter xeral, a oferta deberá presentarse cunha **antelación mínima de 15 días hábiles** á data prevista para realizar as correspondentes contratacións, agás no caso das axudas concedidas no último trimestre do ano, suposto este en que se presentarán coa suficiente antelación para que as oficinas de emprego poidan tramitalas.

5. A selección definitiva dos candidatos/as deberá ser **notificada**, para o seu coñecemento, á correspondente **oficina de emprego**.

#### B. Contratación. Prazos

1. Para a contratación das persoas seleccionadas utilizarase necesariamente a modalidade **de contrato temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social**.

2. De conformidade co disposto no parágrafo 2 a) da instrución primeira, a contratación dos traballadores realizarase antes da data sinalada no anexo da resolución concedente da subvención e en todo caso, dentro do exercicio 2015.

3. A **comunicación da contratación** á oficina de emprego correspondente farase necesariamente a través do aplicativo CONTRAT@, agás para as entidades de menos de 5 traballadores, que poderán facelo a través deste aplicativo ou ben por escrito.

#### Cuarta.- Substitución de traballadores

1. Con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato **antes de que remate o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención**, a entidade beneficiaria poderá contratar a outra persoa en **substitución** daquela que causou baixa durante o tempo que reste para que remate o período subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos **30 días seguintes** ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada.

2. No suposto de **baixas temporais** por maternidade ou por outras causas que se prevexa que sexan de longa duración superior a 30 días, a substitución so será posible **previa autorización expresa da Dirección Xeral de Emprego e Formación** logo de solicitude fundamentada da entidade contratante.

3. A nova contratación deberá **cumprir os requisitos esixidos na orde** de convocatoria para as contratacións iniciais subvencionadas e deberá ser **notificada á Dirección Xeral de Emprego e Formación**, indicando a causa da baixa, nun prazo máximo de 15 días desde a correspondente contratación. Na notificación a entidade beneficiaria deberá achegar os seguintes **documentos**:

- ✓ Parte de baixa na Seguridade Social da persoa substituída (orixinal ou copia compulsada ou cotexada).

- ✓ Parte de alta na Seguridade Social xunto co Informe de Datos de Cotización (IDC) e contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social da persoa substituta, formalizado e debidamente comunicado (orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas).
- ✓ Documento acreditativo do período e a contía da axuda económica recoñecida ou da resolución do Servizo Público de Emprego Estatal recoñecendo a admisión ao Programa e o pagamento da axuda económica de acompañamento, correspondente ao Programa extraordinario de activación (orixinal ou copia compulsada).
- ✓ Orixinal do certificado de selección da persoa substituta, no modelo publicado na web institucional da Xunta de Galicia, agás que se trate dunha candidata que quedara en lista de espera na primeira selección e continúe en desemprego no momento de formalizar a contratación.
- ✓ Orixinal do documento de información do cofinanciamento da subvención polo Fondo Social Europeo nun 80%, no que conste o recibín da persoa traballadora, de conformidade co establecido na instrución Quinta.

4. Tanto no caso de extinción, como de substitución por suspensión do contrato, a **selección do novo traballador deberá levarse a cabo previa solicitude á correspondente oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia**, salvo que se trate de candidatos remitidos polo mesmo na oferta inicial e cumpran a condición de demandante de emprego inscrito e desempregado no momento da súa contratación.

5. De non producirse a substitución ou cando, aínda producíndose, a suma dos distintos períodos de contratación referidos a este posto de traballo fose inferior ao o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, procederase á **redución da subvención** concedida polo importe correspondente. En ningún caso poderá producirse un incremento da subvención concedida, debendo facerse cargo a entidade beneficiaria dos sobrecostos que estas substitucións leven consigo.

#### **Quinta.- Xustificación e pagamento**

1. Nos termos establecidos no artigo 8 do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego, respecto á compatibilidade da percepción polo traballador da axuda económica de acompañamento e a súa contratación por conta allea, e de acordo co previsto no artigo 5.3 da orde, descontarase da subvención concedida a axuda económica de acompañamento a percibir polo traballador durante a vixencia do contrato subvencionado.

2. O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedida, previa acreditación do cumprimento das condicións sinaladas na resolución de concesión o que se xustificará mediante a presentación, no prazo establecido na mesma, da documentación esixida polo artigo 14º da Orde do 1 de abril de 2015, a saber:

- a) Orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas dos contratos de traballo, na modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, formalizados e debidamente comunicados.

- b) Orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas dos partes de alta na Seguridade Social xunto co 'Informe de Datos de Cotización' (IDC).
- c) Orixinais ou copias compulsadas do documento acreditativo do período e a contía da axuda económica recoñecida ou da resolución do Servizo Público de Emprego Estatal recoñecendo a admisión ao Programa e o pagamento da axuda económica de acompañamento, correspondente ao Programa extraordinario de activación.
- d) Un certificado do órgano competente da entidade beneficiaria, en que conste:
  - A formulación da correspondente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, especificando o número identificador desta e a relación nominal dos traballadores e traballadoras desempregados/as facilitados/as por aquel, así como das persoas candidatas finalmente seleccionadas e contratadas.
  - As retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á Seguridade Social.
- e) Unha declaración responsable da entidade solicitante do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, e de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- f) Unha fotografía do cartel informativo no que se reflicta a súa localización, nos termos sinalados no artigo 16<sup>º</sup>.2.l.a), facendo mención expresa ao cofinanciamento polo Fondo Social Europeo.
- g) Orixinais dos documentos de información ás persoas traballadoras da subvención polo Fondo Social Europeo, debidamente asinados.

Os certificados, declaracións, documentos e carteis informativos sinalados neste parágrafo deberán realizarse segundo os respectivos modelos que se xuntan como anexos ás presentes instrucións e se publican na web institucional da Xunta de Galicia no enlace <http://traballo.xunta.es/programas-de-cooperacion>.

3. Unha vez recibidos os fondos a entidade beneficiaria deberá remitir á Dirección Xeral de Emprego e Formación unha certificación acreditativa da súa recepción. Para estes efectos deberá presentar:

- O certificado de recepción de fondos, de acordo co modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia <http://traballo.xunta.es/programas-de-cooperacion>.
- Extracto bancario (orixinal ou copia compulsada) xustificativo do ingreso do importe da subvención concedida.

#### **Sexta.- Perda do dereito ao cobramento da subvención**

1. De conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de



xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade para o que se concedeu ou concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da lei (Causas de reintegro) .

De conformidade co artigo 14.1.n) da citada Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe a reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

- a) Incumprimento das condicións esixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención: reintegro do 100% sobre o gasto subvencionado.
- b) Non realizar a actividade, ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión da subvención: reintegro do 100% sobre o gasto subvencionado.
- c) Incumprimento da obriga de presentación de documentación esixida no artigo 16.2.II.c): no caso de que non se presente ningunha documentación procederá o reintegro do 100% sobre o gasto subvencionado, e no suposto de presentación de parte da documentación esixida ou de que a documentación presentada sexa incorrecta, o importe a reintegrar será proporcional ao gasto non xustificado.
- d) Incumprimento da obriga de satisfacer, con independencia do cobro da subvención, e mediante transferencia bancaria, as obrigas económicas de carácter salarial ao seu vencemento: reintegro de ata un 10% sobre o gasto subvencionado.
- e) Incumprimento das obrigas en materia de publicidade establecidas no artigo 16.2.I.: reintegro do 2% sobre o gasto subvencionado.
- f) Incumprimento da obriga de mantemento dun sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada establecida no artigo 16.2.II.a): reintegro do 2% sobre o gasto subvencionado.
- g) Incumprimento da obriga de manter unha pista de auditoría suficiente establecida no artigo 16.2.II.b): reintegro do 2% sobre o gasto subvencionado.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

#### **Sétima.- Publicidade e información ao traballador**

1. Para os efectos de difusión pública, no **lugar onde se presten os servizos**, deberá figurar, de forma visible, **cartel informativo**, segundo o modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia ([http://traballo.xunta.es/carteis\\_informativos](http://traballo.xunta.es/carteis_informativos)).

As entidades beneficiarias deberán remitirle á dirección xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar unha fotografía onde conste a colocación do devandito cartel. Esta fotografía deberá constar no expediente de subvención como parte da documentación xustificativa á que se refire a instrución quinta.

2. Para os efectos de cumprir coas medidas de información e publicidade establecidas no Regulamento (CE) nº. 1828/2006, da Comisión, as entidades beneficiarias das axudas e subvencións previstas na orde do 1 de abril, **informarán ao traballador** no momento da súa contratación, que a contratación temporal formalizada é subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar e, se é o caso, cofinanciada polo Fondo Social Europeo nun 80%, de conformidade co Programa Operativo Adaptabilidade e Emprego PO 2007 ES 05U PO 001, no que conste o recibí do traballador, segundo o modelo que se achega e que se publica na web institucional da Xunta de Galicia(<http://traballo.xunta.es/programas-de-cooperacion>).

#### **Oitava.- Visitas de seguimento**

1. En desenvolvemento do artigo 13.2 do Regulamento (CE) 1828/2006, dentro das actuacións de seguimento e control, incluíranse necesariamente visitas sobre o terreo para comprobar in situ a realidade da prestación dos proxectos subvencionados.

2. Ditas visitas realizaranse sobre unha mostraxe ao abeiro do procedemento descrito no Modelo dos sistemas de xestión e control da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou segundo criterios baseados no risco, é dicir, abarcando ás operacións de gran importe, ás operacións nas que previamente se detectaron problemas ou irregularidades ou nas que, con ocasión doutros controis, puxéronse de manifesto operacións concretas que sexan en aparencia anómalas e requiran un exame máis detallado.

#### **Novena.-Conceptos que se deben incluír na base de cotización**

O artigo 109.2 da Lei xeral da seguridade social (LXSS), enumera os conceptos que se deben excluír do cómputo para o cálculo da base de cotización. Sen embargo, o artigo 23.2 do RD 2064/1995 que aproba o regulamento xeral sobre cotización que desenvolve neste aspecto a LXSS, prevé que os excesos sobre os límites sinalados polas normas, sí deberán incluírse na base de cotización á Seguridade Social.

Polo tanto, para calcular a contía da subvención a aboar con cargo aos Programas de Cooperación, estes excesos deberán incluírse na base de cotización, sempre e cando, ditos pluses veñan fixados polos convenios colectivos de aplicación.

#### **Décima.-Conceptos subvencionables.**

a) Os traballadores non seleccionados pola Oficina de Emprego NON son subvencionables.



- b) A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extrasalariales ou indemnizacións de fin de contrato NON se poden imputar.
- c) Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non disfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.
- d) Tampouco se admitirán os contratos de traballo que se separen do establecido na resolución concedente da subvención.
- e) Nas baixas por IT e maternidades:
  - No caso de substitución do traballador titular, NON se subvencionarán os gastos ocasionados polo mesmo, pero si se subvencionarán os custos que ocasiona o traballador que substitúe ao traballador titular.
  - No caso de que non se substitúa o traballador titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento).
- f) Importe a xustificar: será a cantidade que figure na Resolución de concesión e/ou a cantidade pagada de ser esta inferior.
- g) NON poderán facerse compensacións entre os traballadores contratados para a realización dun determinado proxecto. Con todo, poderán admitirse compensacións entre os custos salariais e de Seguridade Social do mesmo traballador, a condición de que non existan baixas durante o período durante o que estivo contratado.

#### **Décimo primeira.- Procedemento de verificación. Documentación**

1. No prazo de dous meses desde o remate do servizo subvencionado, e para os efectos do cumprimento do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, as entidades beneficiarias das subvencións están obrigadas a remitirle á Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar, a seguinte documentación:

- a) Unha memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polos traballadores e traballadoras contratados/as.
- b) Certificación acreditativa de recepción de fondos, de acordo co modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia.
- c) Extracto bancario (orixinal ou copia compulsada) xustificativo do ingreso do importe da subvención concedida.
- d) Un certificado de fin de servizo segundo o modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia.
- e) Copias compulsadas ou cotexadas das nóminas aboadas aos traballadores e traballadoras que se contraten e dos boletíns de cotización á Seguridade Social (recibo de liquidación de cotizacións e modelo TC-2), así como os documentos bancarios correspondentes que acrediten o seu pagamento (transferencias bancarias necesariamente no caso das nóminas) e mailo Modelo 190 (Retencións e Ingresos a conta do IRPF) e xustificante do seu pagamento (Modelo 111), correspondentes aos trimestres en que se desenvolveu o proxecto, unha vez se dispoñan dos mesmos.





f) Documentación acreditativa do mantemento do sistema de contabilidade separada, segundo as instrucións que se publican no enlace <http://traballo.xunta.es/cofinanciamento-fse>.

2. Para facilitarlle as entidades beneficiarias a elaboración dos devanditos documentos para os efectos da verificación dos expedientes publicarase un documento de instrucións no enlace <http://traballo.xunta.es/programas-de-cooperacion>.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2015

A directora xeral de Emprego e Formación

Ana M<sup>a</sup> Díaz López





**CERTIFICADO DE RETRIBUCIÓNS**

Nº EXPEDIENTE TR352D-2015/.....

D/Dna.: ....., DNI:..... en calidade de **SECRETARIO/A** da entidade:.....  
 ....., co CIF:.....

**CERTIFICA**

Que o salario a abonar aos traballadores/as desempregados/as contratados para a execución do servizo subvencionado, en **importe mensual**, é o da seguinte táboa:

DATOS TRABALLADOR/A		CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)			CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)			TOTAIS		
NOME DO TRABALLADOR/A	GRUPO COT. SS	SALARIO BRUTO (inc.pluses salariais) (A)	P.P.PAGAS EXTRAS (B)	CUSTO SALARIAL MENSUAL/BASE DE COTIZACIÓN (C) = (A+ B)	CNAE (4 díxitos) OU OCUPACIÓN	% COTA PATRONAL Á SEGURIDADE SOCIAL	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL (D)	TOTAL CUSTO MENSUAL (C+D)	MESES	TOTAL CUSTO TRABALLADOR (total custo mensual x nº meses)
<b>SUBVENCIONABLE</b>		<b>TOTAL</b>		0,00			0,00	0,00		0,00

(1) Neste apartado consignaranse as retribución salariais brutas subvencionables.

(2) Neste apartado consignaranse a cotización EMPRESARIAL á Seguridade Social, tendo en conta as porcentaxes establecidas na Orde ESS/86/2015, de 30 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á SS (BOE de 31 de xaneiro de 2015).

É para que conste expido o presente certificado en .....a.....de.....de 2015.

O secretario da entidade

Vº e prace

O presidente/a da entidade



**CERTIFICADO DA SELECCIÓN**

**Nº EXPEDIENTE TR352D 2015/.....**

**D/Dna.:** ....., **DNI:**..... en calidade de **SECRETARIO/-A** da entidade: ....., co **CIF:**.....,

**CERTIFICA**

Que presentou unha oferta de emprego de acordo cos criterios establecidos polo artigo 12 da Orde do 1 de abril de 2015, co obxecto de cubrir o posto de traballo que se subvenciona para a realización do servizo denominado.....

Que a relación de demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, remitidos pola oficina de emprego mediante oferta xenérica de emprego **Nº 2015/:**..... foron:

<b>APELIDOS E NOME</b>

Que, tendo en conta as funcións que deberá prestar a persoa que se vai contratar, acordou seleccionar a:

<b>APELIDOS E NOME</b>

**En,.....a.....de.....de .....**

O Secretario da entidade	Vº e prace O presidente/a da entidade
--------------------------	--



ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS

Nº EXPTE: TR352D 2015/□

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL	NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

**DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.
- Sí solicitou e se lle concederon, ou están pendentes de resolución de concesión, axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, a saber:

Organismo/sociedade/entidade pública á que lle foi solicitada a axuda	Descrición da axuda e concepto (salarial ou outros)	Estado (Solicitada / concedida)	Importe (€)	Financiamento europeo (Si/Non)

2. Que o conxunto de axudas NON superan o 100% do custo total en concepto de custos salariais e de Seguridade Social relativos á contratación dos traballadores contratados para a realización do servizo subvencionado no expediente de referencia.

3. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

	,	de	de	
--	---	----	----	--



**DOCUMENTO DE INFORMACIÓN AO TRABALLADOR DA SUBVENCIÓN**  
**POLO FONDO SOCIAL EUROPEO**

ENTIDADE:.....

Nº DE EXPEDIENTE: TR352D 2015/.....

D./Dna.(traballador/a)....., infórmolle que a contratación temporal formalizada con vostede o día....., foi subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar, mediante resolución de data....., pudiendo estar cofinanciada esta subvención polo Fondo Social Europeo nun 80%, de conformidade co Programa Operativo Adaptabilidade e Emprego PO 2007 ES 05U PO 001.

O que se lle comunica para os efectos de cumprir coas medidas de información e publicidade establecidas no Regulamento (CE) nº. 1828/2006, da Comisión.

Ademais, o traballador/a citado/a manifesta, no momento da contratación, estar **desempregado e inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego e ser beneficiario/a do Programa de activación para o emprego**, nos termos establecidos polo artigo 12 punto 1 da Orde de 1 de abril de 2015 (DOG nº 70, do 15 de abril).

*En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no expediente citado, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar. San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.*

En....., a ..... de ..... de .....

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

O TRABALLADOR/A

Asdo:.....

Asdo:.....